

## EDICTO

A Xunta de Goberno Local o 28.04.2023 aprobou inicialmente o Estudo de Detalle para a construción dun taller de fabricación de sub-bloques prearmados no ámbito do estaleiro de Navantia, formulado por Navantia S.A., S.M.E.

De conformidade coa normativa vixente, sométese a información pública durante o prazo dun mes, prazo que comeza a computarse dende o día seguinte ao da publicación no DOG.

O documento pode consultarse no enlace:

[https://www.ferrol.gal/arquivos/descargas/ESTUDO\\_DETALLE\\_DILIXENCIADO\\_SECRET\\_CASTELAN.zip](https://www.ferrol.gal/arquivos/descargas/ESTUDO_DETALLE_DILIXENCIADO_SECRET_CASTELAN.zip)

Tamén pode consultarse na sede electrónica do Concello de Ferrol, no taboleiro de edictos do concello ou de xeito presencial en Urbanismo (rúa María 52-54, 5º andar, en horario de 9:00 a 14:00 h de luns a venres), para o que se deberá solicitar cita previa no tlf. 981 944 000, exts. 302/301.

As alegacións presentaranse dirixidas a Urbanismo e por calquera medio dos admitidos no artigo 16.4 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas*.

Ferrol, 3 de maio de 2023

O concelleiro delegado titular da Área de Urbanismo e Infraestruturas,  
Mobilidade, Vivenda e Rehabilitación, Contratación,  
Centro de Recursos Informáticos e Organización Interna.  
(por delegación da Alcaldía de 08/07/2019 (BOP 22/07/2019))

Julián Reina Villalón  
(asinado dixitalmente)